


ACCESO Ó LUGAR DA COMPETICIÓN



CAMPIONATO PROVINCIAL DE COMPAK SPORTING



28 E 29 DE ABRIL DE 2018

MUTUASPORT

PREMIUM, MEJOR SEGURO DE CAZA DEL MERCADO

- ✓ **DAÑO PROPIO 50.000 €**
- ✓ **D. CIVIL 1.000.000 €**
- ✓ **DEFENSA JURÍDICA**
- ✓ **10.000 € MUTUASPORT**
- ✓ **HASTA 4 PERROS**
- ✓ **7.000 € AL AÑO**
- ✓ **DAÑO A LAS ARMAS**
- ✓ **DE FUEGO POR ACCIDENTE 1.000 €**
- ✓ **TRATAMIENTO Y REPARACIÓN DE ACCIDENTES**
- ✓ **HASTA 10.000 €**
- ✓ **RESPONSABILIDAD CIVIL PESCADOR**
- ✓ **100.000 €**

¡Reservar tu plaza con el top del seguro en esta sección!



- **INFÓRMESE NAS NOSAS OFICINAS -**
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA
 Rúa Vila de Caión, 27 Baixo 2 A - 15100 - CARBALLO (A CORUÑA)
Tfno.: 981 70 29 57 fax 981 75 50 74 Mobil: 679325317

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introducción e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se están a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba



Campo de Tiro: Río Sar
 Chaián - Trazo (A Coruña)

Organiza: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA
Colabora: SOCIEDADE DEPORTIVA "RÍO SAR"

CAMPIONATO PROVINCIAL DE COMPAK SPORTING

COMITÉ ORGANIZADOR

DON JOSE MARIA ALVAREZ VILLAR

Presidente da Federación Galega de Caza na Coruña

DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente da Sociedade Deportiva "Río Sar"

DON ANTONIO DEL RIO VIQUEIRA

Secretario da Federación Galega de Caza na Coruña

DON ANTONIO IGLESIAS OTERO

Vicepresidente da Sociedade Deportiva Río Sar

DON DANIEL CEBREIRO GARCÍA

Vocal da Sociedade Deportiva Río Sar

DIRECTOR DE TIRO

DON OSCAR MEIJIDE VARELA

SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de Escuadras e Dorsais realizarase o día 25 de abril ás 10 horas na Sede da Federación Galega de Caza na Coruña.

DÍAS E HORARIOS

28 de abril de 2018: Adestramentos a partires das 11,00 horas

29 de abril de 2018: 8,30 h. Concentración de participantes no Campo de Tiro.

9,00 h. Comezo da competición.

O Campionato disputarase no Campo de Tiro denominado "Río Sar", sito en Chaián- Trazo (A Coruña), sobre 100 pratos, nas categorías de Seniors (estableceranse 3 categorías de senior conforme a normativa actual de competicións), Donas, Veteranos, Súper-Veteranos, Xuvenís e Handisport.

INSCRICIÓN

Poderán participar tódolos Tiradores Federados que o desexen. As inscricións realizaranse ata o día 24 de abril de 2018, por teléfono ó nº 981-702957, Fax.: 981 755074, e.mail: coruna@federaciongalegadecaza.com, OU persoalmente nas oficinas da Federación Provincial, en Carballo Rúa Vila de Caión, 27 baixo 2 A.

IMPORTANTE: No momento da inscrición será obrigatorio a presentación da tarxeta federativa ou documento único en vigor, así como fotocopia do permiso de armas e tódolos participantes deberán de ter un seguro de RC cunhas coberturas mínimas de 600.000€.

PREZO DE INSCRICIÓN (Xantar Incluído):

- 60 € en categoría Senior e Veteranos

- 40 € en categoría donas, superveteranos, Xuvenís e handisport.

60 € inscrición por Libre (categoría senior e veteranos), 40€ inscrición por libre (categoría donas, superveteranos, xuvenís e handisport). (Tiradores sen dereito a clasificación pero si a trofeos)

15€ inscrición por equipo (cada equipo estará composto por 3 tiradores no que se pode incluír só 1 da 1ª categoría).

REGULAMENTO

O campionato provincial de compak sporting regularase polo actual regulamento da FGC e normas complementarias de competicións.

ÁRBITROS

Os árbitros serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da F.G.C

XURADO DE COMPETICIÓN

O Xurado designarase o mesmo día no lugar de competición

CATEGORÍAS

SENIORS: Tiradores nados entre o 01/01/1963 ao 31/12/1997

XUVENÍS: Nados despois do 31/12/1997

VETERANOS: Nados entre o 1/1/1953 a 31/12/1962

SUPER-VETERANOS: Nados antes do 31/12/1952

(Pendente de aprobación por parte da assemblea xeral da FGC das categorías aprobadas na RFEF para o ano 2018)

A MUNICIÓN AUTORIZADA É DE 28 GRAMOS

Tal e como se indica no Regulamento de Compak Sporting, tódolos participantes deberán de tirar obrigatoriamente con protectores nos oídos e ollos, sendo tamén recomendable con protección na cabeza.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente programa se circunstancia excepcionais así o aconsellan